

ETAPAS

Dado que o sendeiro circular é case un CR (gran recorrido, + 150 km) pola súa lonxitude de 34 km, débese de considerar a alternativa de percorrelo por etapas. Así, na elección das etapas debemos ter en conta:

- Capacidade física: unha distancia adecuada para persoas acostumadas a camiñar de cotío pode ser 10 km, polo que o sendeiro percorrerase en 4 etapas. Se nos acompañan menos, sería bo comezar polos tramos de sendeiro natural, pola dureza do terreo e polo entorno, máis atractivo ós seus intereses.

- Intereses culturais e paisaxísticos: Aínda que non son excluíntes, podemos facer unha diferenciación nestes dous aspectos, incluso por parroquias: as de Sillobre, Megalofes e Linoadre reúnen máis atractivos paisaxísticos (entornos naturais, vistas, praias), e outras coma as de Barallobre e Fene conteñen máis abundantemente valores culturais e monumentais.

EQUIPAMENTO

O equipamento recomendado de xeito xeral será tamén para a realización deste sendeiro, coas seguintes particularidades:

- Se optamos por realizar etapas longas de duración maior a 2 horas tómase de maior importancia a investida de alimentos sólidos, reconstituintes. Por suposto que a hidratación resulta fundamental, e debe realizarse con maior periodicidade.

- O equipamento pode variar segundo a etapa a realizar calzados diferentes para sendeiros de terra/herba que para asfalto, etc.

DESINOS

Recordar que a sinalización recomendada a visita valguis casos de fitos de interese fóra do percorrido, e que só sinalan dirección e non indican como atopalos claramente. Sería pois convirte un coñecemento previo do percorrido e non acentuarse o primeiro día, pois pode que a súa busca modifique as previsións de duración do percorrido escollido; en todo caso recoméndase investigar e afondar na súa procura, pois enriquecer en grande maneira o sendeiro.

PERFIL DO SENDEIRO CIRCULAR



PRODER

cicloturismo, clara, delimitada e sinalizada de xeito estandarizado e homoloxabel.



<http://sendeiros.feneturismo.net>


Sendeiros de Fene

Sendeiros de Fene pon en valor o territorio do Concello, amosando ós seus cidadáns un

"entorno educativo" que enriqueza o seu coñecemento e valoración do lugar en que está a

vivir. Están concebidos para a realización dunha actividade física na modalidade de marcha ou





Tramos de dificultade

- Alta +7%
- Media 3-7%
- Baixa 0-3%
- ▲ Cota Máx 317 m.
- ▲ Cota Míni 0 m.
- 🏠 Percorrido: 34 Km

Sendeiro Circular

